

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 03.10.2017 Hora: 16:00

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de outubro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.1 13949 (10/POC-002476)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre as dificultades para incluír os hórreos nas subvencións xestionadas polas ARIS con cargo ao "Plan estatal de vivenda", e a necesidade de facer mención expresa a estas construcións no "Plan estatal de vivenda 2018-2021"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 642 (10/PNC-000037)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento das frecuencias e horarios do eixo atlántico ferroviario A Coruña-Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 2.2 4044 (10/PNC-000377)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as xestións que debe facer a Xunta de Galicia para deseñar un plan de actuación contra a actual seca, con medidas concretas e adaptado á gravidade da situación, no que se estableza un protocolo de actuación e coordinación entre todos os axentes con competencias e se inste o Goberno do Estado para a activación de medidas para a demarcación hidrográfica Miño- Sil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017
- 2.3 8812 (10/PNC-000929)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo da viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017
- 2.4 10277 (10/PNC-001064)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017

- 2.5 15503 (10/PNC-001343)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 8 máis
Sobre a mellora polo Goberno galego do trazado da rede autonómica de estradas no eixe Palas de Rei-Friol-Begonte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 2.6 15816 (10/PNC-001356)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da reconversión da antiga vía férrea entre Pontevedra e Arcade, actualmente en desuso, en Vía verde para uso peonil e ciclista, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa redacción do proxecto construtivo e a súa xestión e conservación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017
- 2.7 15957 (10/PNC-001365)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo da posibilidade de rescatar a concesión da autovía AG-57, así como o inicio dos trámites para a supresión da peaxe nela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 27/09/2017 13:21:29

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Jacobo Moreira Ferro

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Pregunta

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 13949(10/POC-002476)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as dificultades para incluír os hórreos nas subvencións xestionadas polas ARIS con cargo ao "Plan estatal de vivenda", e a necesidade de facer mención expresa a estas construcións no "Plan estatal de vivenda 2018-2021"

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 13949
Data envío: 08/08/2017 16:44:51.672



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

España é un país rico en diversidade cultural e patrimonial, e Galicia é, sen dúbida, un dos territorios con máis identidade e patrimonio cultural, moi diferenciado do resto do panorama nacional.

A arquitectura é unha das manifestacións culturais máis populares pola súa visibilidade e entidade. E parellas ás arquitecturas, están todas as pequenas manifestacións etnográficas que xorden moitas veces ao seu carón, con tipoloxías construtivas características e singulares, como expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego. Son moitos os que, chegados á nosa terra, se sorprenden nun primeiro ollar, coas palleiras, hórreos, cruceiros e petos de ánimas distribuídos por todo o territorio.

A política actual da Consellería de Vivenda e Infraestruturas en moitas das súas actuacións en materia de vivenda e solo, conta coa colaboración das Áreas de Rehabilitación (integrais, rurais e de cascos históricos) que son a base principal das actuacións de rehabilitación en contornos urbanos por parte do IGVS, e en colaboración dos concellos.

Os plans e programas de rehabilitación atenden principalmente a vivendas de promoción pública ou privada, edificios ou infravivendas.

As oficinas dos ARIS acollen as competencias que o IGVS lles dote en cada momento. A día de hoxe o seu labor pasa pola tramitación das axudas derivadas do Plan estatal de vivenda aínda en vigor, do período 2013-2016 e en concreto do programa de rexeneración e renovación urbana. O resto de subvencións da Xunta de Galicia en materia de vivenda son xestionadas directamente polo IGVS, o que supón unha dificultade de xestión evidente



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

para a cidadanía, polo que supón a tramitación a través de diferentes organismos de axudas que son moitas veces complementarias e referentes a unha mesma obra.

Existe unha grande esquecida na política de rehabilitación de Galicia, e son todos eses elementos etnográficos, especialmente aqueles que naceron como anexos e parte necesaria das vivendas, os hórreos. Elementos que por falta de axudas, e sendo considerados BIC no caso dos anteriores ao 1901, son máis entendidos como cargas para os propietarios, o que os fai perigar seriamente.

Os hórreos sufriron durante anos, e coa perda do seu uso orixinario, verdadeiras agresións, desmantelamentos e traslados, cun novo valor decorativo e perdendo a súa vinculación coa vivenda tradicional galega que nunca debera perder.

Son moitas as proteccións de elementos singulares en vivendas e edificacións de Galicia, baseadas no interese das fachadas, do ritmo dos ocos, de existencia de patíns e escaleiras singulares, carpinterías orixinarias, escudos nas fachadas, etc.. Ningún destas condicións e elementos poden entenderse de forma allea á edificación. Cuestión que debera entenderse do mesmo modo cos hórreos.

A realidade é que na tramitación das axudas que outorga o Plan estatal de vivenda ás oficinas dos ARIS, teñen serios problemas para introducir nas axudas a incorporación destas construcións adxectivas dentro do programa de necesidades da vivenda, tendo en conta a súa superficie como parte indivisible da vivenda. Algo que non se pon en dúbida cos trasteiros ou almacéns que forman parte de vivendas plurifamiliares ou unifamiliares no resto do territorio nacional. Caso de interese especial é o núcleo de Combarro en Poio, tamén declarado ARI, e onde a presenza dos hórreos claramente vinculada ás vivendas, compón unha das contornas patrimoniais máis singulares de Galicia.

Entendemos que dado que as axudas específicas para a rehabilitación e conservación destes elementos etnográficos son inexistentes por parte da Xunta de Galicia, é preciso facer as dilixencias precisas para que no Plan estatal de vivenda 2018-2021, agora en trámite de borrador, se introduza

expresamente a inclusión dos hórreos ou elementos etnográficos ligados a vivendas, como construcións auxiliares e integrantes das mesmas, entrando dentro dos feitos subvencionables. A realidade é que o borrador actual do novo plan contempla un incremento das axudas para aqueles “edificios” catalogados ou BIC , pero sen clarificar se un hórreo ou palleira entra nesa consideración de “edificio”. Algo que deixa a moitas vivendas con hórreos, que son BIC, ao obxecto de interpretacións. De aí a necesidade de clarificalo debidamente.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedor o Goberno galego da falta de incentivos e axudas para a rehabilitación e mantemento de elementos etnográficos tales coma os hórreos?
2. Cónstanlle as dificultades para xustificar a inclusión dos hórreos como parte das vivendas e, polo tanto, de acceder ás subvencións xestionadas polas ARIS e con cargo ao “Plan estatal de vivenda” vixente?
3. Entende como necesario facer as xestións necesarias para que no “Plan estatal de vivenda 2018-2021” , agora en fase de borrador, clarifique aos hórreos e resto de elementos etnográficos vinculados ás vivendas como partes das mesmas e, polo tanto, tamén merecedores das axudas e subvencións nos casos que corresponda?

Pazo do Parlamento, 8 de agosto de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 13949
Data envío: 08/08/2017 16:44:51.672



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/08/2017 16:21:37

Raúl Fernández Fernández na data 08/08/2017 16:21:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/08/2017 16:21:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/08/2017 16:21:50

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.1 642(10/PNC-000037)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do
incremento das frecuencias e horarios do eixo atlántico
ferroviario A Coruña-Vigo

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, e a través do seu portavoz, **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A posta en marcha do Eixo Atlántico ferroviario, cunha mellora moi importante dos tempos de viaxe, ten levado a un incremento moi grande do número de viaxeiros. Ata tal punto, de que hai demanda por parte dos usuarios de que se incrementen as frecuencias e se amplíen e modifiquen os horarios e a capacidade dos trens.

O Eixo Atlántico conecta unha área que concentra máis da metade da poboación de Galiza e, ninguén nega, os efectos beneficiosos a moitos niveis que ten o incremento do uso do tren en detrimento do vehículo privado.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno do Estado a incrementar as frecuencias e horarios do Eixo Atlántico ferroviario A Coruña-Vigo.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:



Antón Sánchez García na data 03/11/2016 16:08:27

Luis Villares Naveira na data 03/11/2016 16:08:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 642
Data envío: 03/11/2016 16:09:43.531

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 4044(10/PNC-000377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as xestións que debe facer a Xunta de Galicia para
deseñar un plan de actuación contra a actual seca, con
medidas concretas e adaptado á gravidade da situación, no que
se estableza un protocolo de actuación e coordinación entre
todos os axentes con competencias e se inste o Goberno do
Estado para a activación de medidas para a demarcación
hidrográfica Miño-Sil

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4044
Data envío: 24/01/2017 19:22:46.662



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No encoro de Portodemouros, en Agolada, alguén puxo uns caraveis no carballo que alí segue prendido dende que no ano 1967 se anegara o pobo; din os veciños e veciñas que ese carballo foi escenario de varios sucesos funestos. Esta é unha máis das consecuencias da seca que está a sufrir Galicia dende mediados do pasado ano 2016. Os encoros teñen os niveis máis baixos do habitual nesta época e as previsións meteorolóxicas non son moi boas. As dúas demarcacións hidrográficas (Galicia-Costa e Miño-Sil) están en prealerta, cos encoros a unha media do 45 % da súa capacidade, estado de prealerta que se debe activar cando os indicadores descenden significativamente por baixo dos valores medios históricos, polo que é conveniente extremar o control.

E iso que dende agosto de 2013, Galicia ten un Plan de seca para a demarcación Hidrográfica Galicia-Costa que ten por obxecto minimizar os efectos negativos (ambientais, económicos e sociais) que xorden polos episodios de seca. Agora, polo visto, o Goberno galego considera prioritario paliar os efectos das secas nos sectores máis vulnerables: industrial e agrogandeiro, que xuntos representan aproximadamente o 85 % da demanda de auga doce da conca.



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se estableza, no primeiro trimestre do ano, un plan de actuación contra a actual seca, con medidas concretas e adaptado á gravidade da situación, establecendo un protocolo de actuación e coordinación entre todos os axentes con competencias e instando ao Goberno do Estado para a activación de medidas para a demarcación hidrográfica Miño – Sil.

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2017 19:19:56

Raúl Fernández Fernández na data 24/01/2017 19:20:02

María Luisa Pierres López na data 24/01/2017 19:20:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/01/2017 19:20:13

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.3 8812(10/PNC-000929)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo da
viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión
pública

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As contas de AUDASA, correspondentes aos exercicios 2015 e 2016, son moi elocuentes.

O proceso privatizador, levado a cabo polo Goberno Popular de Aznar, aseguroulle a unha empresa privada un negocio suculento, seguro e blindado por moitísimos anos.

Deste xeito tamén se hipoteca o futuro dos usuarios desa infraestrutura ate o ano 2048, de maneira que se pagan unhas das peaxes máis caras do Estado nunha infraestrutura que non ten alternativa e que conecta o litoral galego de norte a sur enlazando as cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo, ademais de vilas e zonas moi poboadas.

A taxa de beneficio (BAI/ingresos por peaxe), foi no 2015 do 46,48%, no 2016 foi do 43,3%. Un auténtico choio de beneficios, o que determina que no 2015 e 2016 a terceira parte dos dividendos repartidos polas concesionarias no total do Estado corresponden a Audasa.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2017 12:37
Nº Rexistro: 8812
Data envío: 09/05/2017 12:37:25.058



No ano 2015, por exemplo, 132 millóns de euros en peaxes e 44, 6 millóns de euros de beneficio neto, e agora cun panorama alentador para a empresa de recuperación dos tráfico perdidos durante a chamada crise e axudados polo feito de que Audasa subirá as peaxes polo menos un 1 % durante os próximos 20 anos para pagar as obras de ampliación de Rande e a circunvalación de Santiago.

No 2016 as peaxes cobradas foron 138 millóns e os beneficios, despois de impostos, 45 millóns.

Ausada é a concesionaria do Estado con menor número de empregados por km de autopista (0,37 fronte á media de 1,05) e, pola contra, é a concesionaria do Estado co maior número de reclamacións dos usuarios.

Ante estas cifras é necesario valorar o rescate para o público como opción máis vantaxosa.

Ante a situación desa infraestrutura tan importante para Galiza, estraña que non exista un estudio do Goberno galego sobre as posibilidades dese rescate cuantificando o custe e a viabilidade financeira.

Hai indicios suficientes para pensar que, a pesares de que a privatización do 2005 lle deixou unha posición enormemente vantaxosa á empresa concesionaria, hai marxe para plantexar un rescate da AP-9 que sexa beneficioso para a cidadanía galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2017 12:37
Nº Rexistro: 8812
Data envío: 09/05/2017 12:37:25.058



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que no prazo de 3 meses se elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custe económico, o valor económico do rescate por parte da Xunta de Galicia, un estudo de viabilidade, o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/05/2017 12:35:47

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.4 10277(10/PNC-001064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2017 17:06
Nº Rexistro: 10277
Data envío: 08/06/2017 17:06:56.540



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Organismos internacionais como Nacións Unidas e a Comisión Europea sinalaron o urbanismo e a ordenación do territorio como campos de política pública claves para avanzar cara a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A nivel mundial, no Cumio sobre o Desenvolvemento Sostible en setembro de 2015, a Organización de Nacións Unidas definiu dezasete obxectivos de desenvolvemento sostible, sendo un deles *“Acadar a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas”*. Por outra parte, no obxectivo de *“acadar que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles”*, establécese como meta *“proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para as mulleres e os nenos, as persoas de idade e as persoas con discapacidade”*.

A Nova Axenda Urbana da ONU aprobada na Conferencia das Nacións Unidas sobre a Vivenda e o Desenvolvemento Urbano Sostible (Hábitat III) que tivo lugar en Quito, do 17 ao 20 de outubro de 2016, reorienta o modo no que se planifican, se deseñan, se financian, se desenrolan, se administran e xestionan as cidades e os asentamentos humanos. Entre os obxectivos que se perseguen está o *“lograr a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a fin de aproveitar plenamente a súa contribución vital ao desenvolvemento sostible (...), asegurando a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de dereitos en todas as esferas e nos postos de liderazgo en todos os niveis de adopción de decisións (...) e eliminando todas as formas de discriminación, violencia e acoso contra as*

mulleres e as nenas en espazos públicos e privados”. De igual modo se reforza este obxectivo transversal, especificando en moitos dos temas que se abordan, que se farán *“tendo en conta a idade e o xénero”*.

A Axenda Urbana da UE adopta a dimensión de xénero para introducila no desenrolo urbano, tanto a nivel nacional e rexional como nas propias cidades. No Pacto de Amsterdam, asinado o 30 de maio de 2016, entre as cuestións transversais dos temas prioritarios seleccionados para a Axenda Urbana da UE está a do *“Impacto sobre o cambio social, incluído o cambio de comportamento, promovendo, entre outras cousas, igual acceso á información, igualdade de xénero e empoderamento das mulleres”*.

O Acordo de Asociación de España para o período de programación 2014-2020 establece como un dos obxectivos transversais básicos, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

O Programa Operativo de Crecemento Sostible deste período, no seu eixo de Desenrolo Urbano Integrado e Sostible precisa que *“apoiará proxectos urbanos integrados que poidan actuar transversalmente, entre outros, sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes”*. Este principio formalizouse nos criterios de puntuación da selección das Estratexias de Desenrolo Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) para financiar con fondos Feder. Deste xeito, foméntase que todas as estratexias de cidade financiadas con fondos europeos teñan en conta criterios de perspectiva de xénero nas súas liñas de actuación.

Hai cidades europeas que xa comezaron a aplicar a perspectiva de xénero nas súas políticas e intervencións urbanas e poden mostrar xa resultados palpables desta práctica. O caso máis coñecido é o da cidade de Viena, que desde os anos 80 avalía os efectos que distintos deseños de políticas urbanas teñen sobre homes e mulleres, e en consecuencia dispón desde catálogos de boas prácticas ata proxectos pilotos e intervencións sistemáticas no ámbito urbano, converténdose en referencia internacional en planeamento urbano con perspectiva de xénero.

En resposta a este marco europeo e español é preciso que Galicia conte cun marco de apoio para mellorar a capacitación técnica, formación e concienciación na perspectiva de xénero aplicada ao urbanismo e a

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

arquitectura, a fin de incorporar o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes nos espazos urbanos e na ordenación urbanística. Un documento, que impulse a obriga de integrar o enfoque de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

Documento dirixido a todos aqueles técnicos involucrados nos procesos de creación de novos ámbitos urbanos ou rexeneración dos existentes, ben sexan equipo dos concellos, profesionais da arquitectura, ou urbanismo e a promoción inmobiliaria, así como demais expertos e expertas en ámbitos urbanos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un documento guía que sirva de base e ferramenta para todos os técnicos e técnicas involucradas nos procesos de creación de novos ámbitos urbanos ou rexeneración dos existentes, co fin de impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2017 17:06
Nº Rexistro: 10277
Data envío: 08/06/2017 17:06:56.540



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/06/2017 17:03:08

Raúl Fernández Fernández na data 08/06/2017 17:03:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/06/2017 17:03:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/06/2017 17:03:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.5 15503(10/PNC-001343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 8 máis

Sobre a mellora polo Goberno galego do trazado da rede
autonómica de estradas no eixe Palas de Rei-Friol-Begonte

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15503
Data envío: 05/09/2017 19:01:01.555

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados María Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Raquel Arias Rodríguez, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de Motivos

A mellora das infraestruturas de comunicación entre os Concellos de Palas de Rei, Friol e Begonte é unha longa reivindicación, dos veciños e representantes públicos dos citados concellos, que vían na execución das obras da estrada que os uniría, como a maneira óptima de articular as comunicacións no oeste da provincia de Lugo.

O estado actual das dúas vías que comunican estes Concellos, a de Palas de Rei a Friol -de titularidade autonómica- e a de Friol a Begonte -de titularidade provincial-, fai necesario acometer unha actuación de mellora das comunicacións entre estes Concellos, que centran a súa principal actividade económica no sector primario, e polo tanto precisan de axeitadas comunicacións que favorezan o desenvolvemento deste territorio.

Esta situación levou ao Partido Popular de Galicia a incluír o acondicionamento do eixo Palas de Rei-Friol-Begonte para mellorar o seu trazado como unha das infraestruturas prioritarias no programa electoral que recibiu o apoio maioritario dos galegos nas eleccións autonómicas do ano 2016.

A Xunta de Galicia, comprometida coa necesaria mellora das comunicacións neste contorno, ten contemplado nos seus orzamentos para 2017 unha partida destinada ao eixo Palas de Rei-Friol-Begonte.

Cómpre agora levar a cabo as actuacións comprometidas e necesarias para mellorar o trazado da rede autonómica de estradas no eixo Palas de Rei-Friol-Begonte.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formula a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a mellorar o trazado da rede autonómica de estradas no eixo Palas de Rei-Friol-Begonte”.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 18:47:37

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/09/2017 18:47:52

Jaime Castiñeira Broz na data 05/09/2017 18:48:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/09/2017 18:48:12

Raquel Arias Rodríguez na data 05/09/2017 18:48:19

Martín Fernández Prado na data 05/09/2017 18:48:29

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 18:48:48

Jacobo Moreira Ferro na data 05/09/2017 18:49:14

Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 18:49:25

Gonzalo Trenor López na data 05/09/2017 18:49:40

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/09/2017 18:49:52

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.6 15816(10/PNC-001356)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da reconversión da antiga vía férrea entre Pontevedra e Arcade, actualmente en desuso, en Vía verde para uso peonil e ciclista, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa redacción do proxecto construtivo e a súa xestión e conservación

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:34
Nº Rexistro: 15816
Data envío: 08/09/2017 11:34:16.818

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Actualmente, parte da vía férrea entre Arcade, á altura da ponte sobre o río Verdugo, e a estación de Pontevedra deixou de ter uso para o transporte ferroviario de pasaxeiros e mercadorías. Concretamente, o treito entre Arcade e Figueirido presenta un estado de grave abandono e nalgúns puntos está completamente invadido pola maleza.

2. A transformación desta antiga vía nunha senda verde para uso peonil e ciclista permitiría crear unha nova infraestrutura de aproximadamente 10 km, aproveitando o trazado da vía férrea agora en desuso. No caso do treito entre Arcade e Figueirido, o aproveitamento do antigo trazado sería doado xa que discorre completamente separado do novo trazado do TAV. No caso do treito Figueirido-Pontevedra caben dúas opcións: transformar en vía verde a antiga vía férrea, ou aproveitar as vías de servizo paralelas ao trazado do Tren de Alta Velocidade.

Conseguíriase así unha nova infraestrutura con grandes potencialidades para



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:34
Nº Rexistro: 15816
Data envío: 08/09/2017 11:34:16.818

- a mobilidade peonil e ciclista entre Arcade e Pontevedra, como alternativa segura, saudábel e sustentábel á do tráfico a motor; co desdoblamento da Avda. de Vigo permitiría chegar desde Arcade até o parque de Campolongo nun percorrido duns 10 km

-o uso recreativo pola posibilidade de conectar con unha senda peonil a cidade de Pontevedra, o ENIL do río dos Gafos-Tomeza, as salinas de Vilaboa, a illa da Insuiña, Ponte Sampaio e o paseo marítimo de Arcade

-O uso turístico dunha vía verde de 10 km cun trazado paralelo ao camiño portugués a Compostela e que segue en grande parte do seu percorrido a traza da Vía Romana XIX.

3. A transformación da vía férrea en vía verde tería un custo non moi elevado e un impacto moi positivo para a mobilidade e para a promoción turística da comarca, pola beleza e interese dos espazos culturais e naturais que atravesa e cos que sería necesario e doado conectala:

- ENIL do río dos Gafos-Tomeza,
- Vía Romana XIX e Camiño Portugués,
- Salinas de Vilaboa e CEPA da Enseada de San Simón,
- Illa da Insuiña ou de Medal en Ponte Sampaio e Ponte Medieval de Ponte Sampaio,
- Pontes do Ferrocarril entre Arcade e Ponte Sampaio, fábrica da Pontesa, Illa do Castelo de Ponte Sampaio...

4. Aínda que desde fai xa case tres anos varias entidades e institucións de Pontevedra, Vilaboa e Soutomaior manifestaron o seu apoio a esta iniciativa, o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:34
Nº Rexistro: 15816
Data envío: 08/09/2017 11:34:16.818

Ministerio de Fomento non amosou ningunha receptividade nin deu ningún paso adiante para facela efectiva.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

1. Solicitar ao Ministerio de Fomento a reconversión en vía verde para uso peonil e ciclista dos treitos da antiga vía férrea entre Pontevedra e Arcade actualmente en desuso.

2. Colaborar cos concellos de Pontevedra, Soutomaior e Vilaboa, e coa deputación de Pontevedra, na redacción dun proxecto construtivo e no estudo dunha estrutura administrativa para a xestión e conservación desta vía que discorre polos tres concellos citados.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:34
Nº Rexistro: 15816
Data envío: 08/09/2017 11:34:16.818

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 11:33:34

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 11:33:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 11:33:41

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 11:33:43

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 11:33:45

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 11:33:50

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 03.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.7 15957(10/PNC-001365)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo da
posibilidade de rescatar a concesión da autovía AG-57, así
como o inicio dos trámites para a supresión da peaxe nela

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A autovía AG 57 é un vial de 22,6 km que comunica o Val Miñor (concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar) con Vigo, o resto de Galiza e Portugal. Na práctica funciona como unha circunvalación dos citados concellos e como unha alternativa para evitar a conxestión e o elevado tráfico na estrada Vigo-Baiona, unha via na que se producen importantes retencións, sobre todo no verán, principalmente na zona da Ramallosa, principal nó de conexión dos tres concellos.

2. A autovía AG 57 é unha vía de peaxe, con unha concesión que remata en 2015, e que xestiona o grupo Itínere. Esta situación supón unha discriminación para as persoas que residen no Val Miñor e as que desprazan a esta comarca posto que outras zonas do país con características similares (Baixo Miño, O Morrazo, O Barbanza) teñen autovías libres de peaxe.

3. A supresión da peaxe nesta autovía é unha demanda social e institucional que conta con amplo respaldo na comarca, incluíndo o apoio dos plenos dos concellos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:14
Nº Rexistro: 15957
Data envío: 11/09/2017 12:14:50.672

A eliminación da citada peaxe tería importantes repercusións positivas para o Val Miñor

- Mellora da mobilidade xeral na comarca, desconxestionando a estrada Vigo Baiona, e eliminando tráfico de paso polos núcleos urbanos.

- Mellora da conectividade e competitividade dos parques empresariais da Pasaxe-Vincios (Gondomar), de Molle (Nigrán) e tamén co parque tecnolóxico loxístico de Valadares (Vigo).

- Conexión directa, rápida e gratuíta co hospital de referencia da comarca, o Álvaro Cunqueiro, e con outros equipamentos administrativos e de servizos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Realizar un estudo para avaliar a posibilidade de rescate da concesión da autovía AG 57.

2. Iniciar os trámites para a supresión da peaxe na autovía AG 57.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:14
Nº Rexistro: 15957
Data envío: 11/09/2017 12:14:50.672

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 11:52:12

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 11:52:17

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 11:52:21

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 11:52:25

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 11:52:29

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 11:52:33